



VENRES 5 DE XUÑO DE 2020

- Hoxe, día **5 de xuño**, é o **día Mundial do Medioambiente**. Por iso, invítovos a que vexades este vídeo <https://www.youtube.com/watch?v=hDwAGfecLJ4> (Título: EQUILIBRIUM: Cómo vivir en armonía con nuestro Ambiente - corto ganador).
- **Que cousas fixo mal o señor?**
- **Por que cres que ía baixando cada vez máis?**
- **Cres que necesitaba comprar todo iso?**
- **Cando xa tiña tantas cousas, que foi o que lle pasou?**
- **Que solucións se lle ocorreron para non terminar caendo?**
- **Ocórrenseche a ti máis ideas para coidar do medio ambiente?** Podes contarmo falando, escribindo, cun debuxo, cun audio...
- Agora, imos facer **plastilina caseira** coa que terás que crear algunha figura relacionada co **medio ambiente**: árbore, planta, coche eléctrico... o que queiras.
- Para facer esta **plastilina** necesitas **mesturar**:
- **3 tazas** (podes empregar un vaso de iogur baleiro) de **fariña**.
- **1 taza** de **sal fina**.
- **1 taza** de **auga**.
- **3 culleradas** de **aceite**.
- Podes **dividir** a masa e diferentes **anacos** e engadirlle **colorante alimentario** para facela de diferentes cores. **Mestura ben** para que a cor deixe de manchar. A medida que xogues verás que a masa vai collendo cor.
- **Mestura todo moi ben e listo!** Xa tes a túa plastilina natural! (Se vedes que a textura queda moi dura podedes engadir máis aceite). A pasalo xenial!



Grazas, forza e ánimo.